


VACINACIÓN COVID-19



Galicia comezou a campaña de vacinación contra a Covid-19 que vai protexer as persoas máis vulnerables e a poboación en xeral, reducirá o seu impacto no sistema sanitario e favorecerá a recuperación da actividade socio-económica.

Completar a campaña levará tempo polo que é necesario, vacunado ou non, manter as medidas de prevención.



Uso de máscara



Hixiene de mans



Distancia



Limitar contactos



Ventilación



Illamento domiciliario se síntomas, positivo ou contacto

Prioridade na vacinación



1. Residentes e persoal de residencias de maiores e de atención a grandes dependentes



2. Persoal sanitario e socio-sanitario de primeira liña


3. Resto do persoal sanitaria e socio-sanitario



4. Persoas grandes dependentes non institucionalizadas

O Servizo Galego de Saúde será o responsable da vacinación e irá informando en cada momento quen recibirá a vacina a medida que se avance na campaña.

VACINACIÓN COVID-19



É posible que despois da vacina note algún efecto secundario que adoita ser leve e non entraña risco para a súa saúde.



Efectos secundarios comúns:

- Dor ou inflamación na zona da inxección
- Cansazo, calafríos, dor de cabeza, febre

Consellos útiles

Para reducir a molestia no lugar da inxección pode poñer compresas frías

Para reducir a febre pode tomar un antitérmico e beber líquidos abundantes

Se persiste a dor ou molestias, consulte ao seu médico

Sobre as vacinas

As vacinas autorizadas demostraron a súa eficacia e seguridade

Están indicadas para maiores de 16 anos

A vacinación completa, consta de dúas doses que se administrarán tras un intervalo de tempo

Non se deben vacinar persoas con sospeita ou confirmación da Covid-19 ata estar totalmente recuperadas

As mulleres embarazadas deben pospoñer a vacinación

